

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación a ter en conta para este 3º trimestre son:

- Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
- Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.
- Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas.
- Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.
- Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e as súa relación coa saúde.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Os estándares de aprendizaxe para este terceiro trimestre son:

- Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo
- Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos reducidos.
- Mantemento do equilibrio en diferentes posturas.
- Mantemento hábitos de hixiene persoal e postural na realización de actividade física.
- Toma de conciencia de manter a forma física e a actividade na casa.
- Relación de actividade física e saúde.
- Evitar o exceso de tempo sen actividade física.

AVALIACIÓN

Debido ás circunstancias a nota do terceiro trimestre na área de Educación Física vai estar formada pola media das cualificacións obtidas no primeiro e segundo trimestre.

ACTIVIDADES

Para manter a actividade corporal foron publicadas na páxina web do colexio diversos videos nos cales os nenos e nenas podían realizar diferentes:

-Condición física.

-Coordinación dinámica xeral e estática.

-Equilibrio.

-Ioga.

Tamén foron colgadas na páxina web propostas de xogos e actividades para realizar en familia e nas que se inclúen manualidades para traballar tamén a creatividade e a motricidade fina.